Máis de 1,5 toneladas de residuos de aparellos electrónicos e eléctricos aparecen cada ano mesturados co resto de residuos

O Complexo Medioambiental lémbralles ás Administracións locais e autonómica da súa obriga para informar aos cidadáns nesta materia, tal e como recolle o artigo 51 do Real Decreto sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Amais, advirten que a Mancomunidade de concellos Serra do Barbanza a día de hoxe, non puxo en marcha ningunha iniciativa para a mellora da recollida separada de biorresiduos e a implantación da compostaxe que empregue os máis de 184.000 euros de axuda concedida en xullo de 2017.

Lousame, 6 de agosto de 2019

O Complexo Medioambiental do Barbanza lembra a importancia de depositar os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos (RAEEs) nos puntos limpos ou nos establecementos comerciais onde se adquiren os novos aparatos eléctricos. É máis, para certos volumes de superficie comercial están obrigados a recoller este tipo de instrumentos aínda que o consumidor non adquira un novo, tal e como recolle o Real Decreto sobre residuos de aparellos eléctricos e electrónicos.

Ante a chegada de contedores con máis de **1,5 toneladas ao ano destes materiais mesturados co resto residuos á planta do Barbanza**, é imprescindible recordar a prohibición de depositar estes aparellos nos colectores da rúa, tal e como figura no símbolo que traen marcados os instrumentos desta índole. Estes aparatos conteñen elementos contaminantes na súa composición que afectan negativamente ao medio ambiente e á saúde, como os metais férricos, os plásticos, o cobre ou o aluminio. Por iso, as campañas de sensibilización e concienciación por parte das administracións públicas sobre este tema son indispensables.

A importancia da colaboración de todos os axentes

Para conseguir combater os efectos negativos dos vertidos incontrolados, evitar que os RAEEs se depositen de forma inadecuada así como tamén concienciar á sociedade nesta materia, é relevante que todos os axentes que participan no proceso colaboren: os fabricantes destes aparellos, Administracións públicas, xestores de residuos, asociacións de comerciantes e os propios distribuidores de electrodomésticos.

Non podemos esquecernos da importancia de que a información sobre esta materia chegue á toda a sociedade. É máis, o artigo 51 do Real Decreto sobre os residuos de aparellos eléctricos e electrónicos, establece que é obriga das Administracións locais e autonómica informar ao cidadán.

No Real Decreto especifícase que serán as Administración locais as encargadas de advertir aos usuarios sobre os aspectos relacionados coa recollida no ámbito municipal, e no caso de non contar cos medios suficientes, esta competencia pasa a ser da Administración autonómica. Como por exemplo, a obrigación dos usuarios de entregar os RAEE separados do restos dos residuos municipais e de non depositalos na vía pública, ou de informar das instalacións e dos medios previstos para a recollida separada dos RAEE nos propios concellos.

As campañas informativas e de sensibilización son ferramentas imprescindibles para que a sociedade sexa consciente dos danos que se pode causar ao medio ambiente se non se xestionan e tratan correctamente os aparatos eléctricos e os electrodomésticos. Estes aparellos poden conter cadmio, mercurio, chumbo, arsénico, fósforo, aceites perigosos, e gases que esgotan a capa de ozono ou que afectan ao quecemento global. É por iso, que todas as etapas da xestión, dende a súa recollida, almacenamento, transporte e tratamento deben facerse nunhas condicións seguras, sen mesturar con outros fluxos de residuos (recollida separada) e que eviten manipulacións ou roturas que poidan liberar este tipo de sustancias perigosas ao medio ambiente ou expoñer aos traballadores que están en contacto con estes residuos, durante o seu tratamento a substancias perigosas.

Máis de 184.000 euros en axudas para a mellora de recollida de biorresiduos e a implantación de compostaxe

Seguindo a liña de campañas de sensibilización advertimos ademais que a Mancomunidade de Concellos Serra do Barbanza ten concedida **dúas liñas de axuda dende o 2017, que ascende aos 184.00 euros** e dos que a día de hoxe, **aínda non se levou a cabo ningunha iniciativa.**

A axuda concedida foi solicitada na convocatoria de axudas do anterior Ministerio de Agricultura, Pesca, Alimentación e Medio Ambiente (MAPAMA), dentro da liña PIMA Residuos-Compost. Segundo Acordo do 24 de xullo de 2017 da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente polo que se aprobou a distribución territorial dos créditos, a Mancomunidade resultou beneficiaria de dúas liñas de axudas.

Por unha banda para o melloramento da recollida separada de biorresiduos cunha dotación de 147.00 euros. As liñas de actuación consistirían en campañas de sensibilización da sociedade orientadas ao sector hostaleiro, mercados ou comedores escolares para a mellora da separación dos restos orgánicos e así obter compost, con achegas de ecocubos e material didático. Así como tamén para impulsar a recollida da fracción vexetal para destinar a planta de compostaxe e ciclos de formación a responsables da administración local e en centros de ensino, entre outras.

Por outro lado, a Mancomunidade conta cunha axuda para a implantación da compostaxe caseira e comunitaria de case 38.000 euros. Desta volta, estaría destinada para instaurar a compostaxe individual (vivendas con hortas) e comunitaria nos concellos da Mancomunidade do Barbanza, amais para a formación e seguimento dos proxectos.

A día de hoxe, non hai constancia da posta en marcha de ningunha das dúas liñas de axudas e hai que ter en conta o prazo de execución das mesmas, que segundo a convocatoria era de 24 meses cunha prórroga de outros 6 máis, a partires da transferencia do financiamento.

Dende o Complexo Medioambiental do Barbanza, advertimos que sen a mellora da recollida selectiva da fracción orgánica e resto das fraccións, xunto coa implantación da compostaxe caseira e comunitaria, resultará difícil acadar o obxectivo que marca a lexislación de reciclar o 50% dos residuos domésticos no 2020. Por iso, é urxente a posta en marcha desta liña de axudas, que superan os 184.000 €.

Benito García
DIRCOM
Complexo Medioambiental Serra do Barbanza
604 000 742
cmserradobarbanza.gal